

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 24 DE XULLO

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00032158P.**

#### **Aprobación de acta de sesión anterior.**

Apróbase a acta.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00001288M.**

#### **Licenza para construción de galpón para almacén de aperos agrícolas na parcela con referencia catastral 15079A51501761 sita no Lugar da Pedra s/n Nemenzo**

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Susana Dosil Nuñez presentado o 11/01/2023 e a documentación complementaria do 23/05/2023 cun orzamento de execución material de 14,500.00 €, a construción de galpón para almacén de aperos agrícolas na parcela con referencia catastral 15079A51501761 sita no Lugar da Pedra s/n Nemenzo Santiago de Compostela (A Coruña).

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00008027X.**

#### **Licenza obra rehabilitación de vivenda familiar para adecuación funcional en materia de accesibilidade con cambio de uso na rúa de Bonaval, 13.**

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de execución redactado polo arquitecto Jesús Morales Rodríguez presentado na data 17/02/2022 e a documentación complementaria de data 03/02/2023, cun orzamento de execución material de 35.470,11 €, a rehabilitación de vivenda familiar para adecuación funcional en materia de accesibilidade con cambio de uso na rúa de Bonaval, 13 Santiago de Compostela (A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00026775B.**

#### **Licenza de obra para a rehabilitación de cuberta e pintado de fachada de vivenda unifamiliar situado na praza Doutor Ponte Castro, 2**

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús Morales Rodríguez de data de visado do 26/05/2022 e a documentación presentada o 28/03/2023, cun orzamento de execución material de 56.898,17 euros, a rehabilitación de cuberta e pintado de fachada de vivenda unifamiliar situado na praza Doutor Ponte Castro, 2 Santiago de Compostela (A Coruña).

### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00006822Y.**

#### **Licenza para ampliación vivenda unifamiliar illada situado en Rebordaos, 27**

Acórdase conceder a licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro de data de visado do 07/02/2020 e a documentación presentada o 17/11/2021, 23/03/2022, 04/04/2022 e o 15/05/2023, cun orzamento de execución material de 121.247,124 €.

**6. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00036837E.**

**Proxecto de equidistribución da U-6 (Galeras-Fenosa) do PE-1. Ocupación anticipada de terreos necesarios para acceder á Casa das Máquinas (SC-19), cualificados como ZL-104.**

Acórdase a autorización da ocupación anticipada dos terreos necesarios para garantir o acceso á Casa das Máquinas (SC-19), a través da zona libre ZL-104 da U.6 (Galeras-Fenosa) do PE-1, segundo a delimitación indicada nos planos que se achegan ao expediente, e coas condicións que se describen no informe-proposta.

**7. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2017/00002299B.**

**Aprobación proxecto construtivo “Ampliación da plataforma do viario entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)”.**

Acórdase:

Primeiro: aprobar o proxecto construtivo de data 17/07/2023 da obra “Ampliación da plataforma do viario entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Daniel Durán Arriero e polo arquitecto D. Manuel Durán Arriero, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 294.793,39 euros + 61.906,61 euros de IVE = 356.700,00 euros.

- Prazo de execución: 3 meses.

- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo: comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2021.

**8. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora F/2023/1230. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A, en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período entre o 30/11/2022 e o 31/01/2023**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (857,65 €), segundo factura con número de rexistro de facturas F/2023/1230 que se achega no expediente, expedida pola empresa Naturgy Iberia, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**9. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2022/00036691Z.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de obrigas e xustificación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelá de Amigos do Ferrocarril (ACAF) para a rehabilitación do coche de viaxeiros “Verderón”.**

**10. DEPORTES. Referencia: 2023/00014496X.**

**Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Asociación de**

**Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual “Special Olympics Galicia”, ano 2023.**

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 20 de xullo de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL “SPECIAL OLYMPICS GALICIA” para o ano 2023.

**11. DEPORTES. Referencia: 2023/00014511W.**

**Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Judo e Deportes Asociados para o ano 2023.**

Acórdase:

Primeiro: aprobar a xustificación presentada pola FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DEPORTES ASOCIADOS do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 6.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890014.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DEPORTES ASOCIADOS por importe de 6.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890014.

**12. DEPORTES. Referencia: 2023/00014521N.**

**Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Motoclub Móvete na Moto para o ano 2023.**

Acórdase:

Primeiro: aprobar a xustificación presentada polo MOTOCLUB MÓVETE NA MOTO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 20.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890025.

Segundo: aprobar o recoñecemento da obriga a favor do MOTOCLUB MÓVETE NA MOTO por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890025.

**13. DEPORTES. Referencia: 2023/00014504H.**

**Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co Club Ciclista Compostelano, ano 2023.**

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 20 de xullo de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB CICLISTA COMPOSTELANO para o ano 2023.

**14. COMERCIO. Referencia: 2023/00004625F.**

**Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela centro comercial aberto para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2023.**

Acórdase:

Primeiro: aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto, para levar a cabo un programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2023.

Segundo: aprobación do gasto por importe de trinta e dous mil euros- 32.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

**15. COMERCIO. Referencia: 2023/00004623M.**

**Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área comercial para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2023.**

Acórdase:

Primeiro: aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial, para levar a cabo un programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022.

Segundo: Aprobación do gasto por importe de trinta e dous mil euros- 32.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890005.

**16. COMERCIO. Referencia: 2023/00004621A.**

**Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2023.**

Acórdase:

Primeiro: aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental, para levar a cabo un programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2023.

Segundo: aprobación do gasto por importe de trinta e cinco mil euros- 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

**17. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00020479J.**

**Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ateneo de Santiago.**

Acórdase aprobar o texto do convenio e a concesión directa da subvención ao Ateneo de Santiago por importe de 20.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890002, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

**18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027399X.**

**Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Monte do Gozo.**

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Monte do Gozo con pola contía de 45.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800020, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022- (Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023)- -artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-, e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023

**19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027432C.**

**Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.**

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: o Ilustre Colexio da Avogacía de

Santiago de Compostela pola contía de 2.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800022, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022-(Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023)- -artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-,e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023

**20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027343T.**

**Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Down Compostela.**

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Down Compostela pola contía de 10.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800019, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII) ),-Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023

**21. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027426Z.**

**Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Secretariado Gitano.**

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Secretariado Gitano pola contía de 23.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800021, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022- (Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023)- -artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII-,e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023

**22. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00026541A.**

**Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago de Compostela.**

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Centro Cultural Social Juan XXIII de Santiago pola contía de 60.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800013, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII) ),-Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023

**23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00015676V.**

**Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Universidade de Santiago de Compostela (Programa de Saúde Bucodental a colectivos desfavorecidos).**

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Universidade de Santiago de Compostela pola contía de 10.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800023, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII),-Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023

**24. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027312S.**

**Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (PROGRAMAS: TELEASISTENCIA + SEN FOGAR)**

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (PROGRAMAS: TELEASISTENCIA + SEN FOGAR) pola contía de 85.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800015, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII) ),-Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023

**25. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00019337K.**

**Aprobación do texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Universidade de Santiago de Compostela.**

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Universidade de Santiago de Compostela pola contía de 11.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 050-23102-4890002, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII),-Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023.

**26. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035096X.**

**Tomar coñecemento da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local da rúa Presidente Salvador Allende 6-8 baixo, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte.**

Acórdase:

Primeiro.- Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local da rúa Presidente Salvador Allende 6-8 baixo, destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte propiedade de D. Baldomero Brea Calviño xunto coa súa esposa Dña. Dolores Santos Santos, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre xuño de 2022 e xuño de 2023, que supón un incremento relativo do 1,9 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xullo de 2023 no importe mensual de de 930,84 € mais IVE 21% (195,48 €), total: 1.126,32 €, e importe anual de 13.515,84 € IVE incluído. Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 252,12 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLITICA ECONOMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS.

Anualidade 2023 (01/07/2023 ata 31/12/2023): 126,06 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 31/06/2024): 126,06 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a Intervención Municipal e a Tesourería Central.

## 27. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00007321N.

### **Corrección de erros no expediente de contratación Contrato baseado no Acordo Marco para a subministración de gas natural a través da Central de Contratación da FEMP para a subministración de gas nas dependencias municipais do Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase:

Primeiro: rectificar o acordo de aprobación do expediente e autorización do gasto da Xunta de Goberno local do día 03/04/2023 que queda redactado no seu apartado 4º como segue:

“Cuarto: autorizar un gasto total por importe de 136.500,00 € que se imputará á aplicación presupuestaria 030 92000 2210200 con el siguiente desglose de anualidades: 2023 2024 90.00,00 € 46.500,00 € El importe del IVA es de 6.500,00 €. El gasto de ejercicios futuros queda condicionado a la consignación del crédito correspondiente en los respectivos presupuestos.”

Segundo: rectificar o acordo de adxudicación e autorización do gasto da Xunta de Goberno Local do día 17/07/2023 que queda redactado no seu apartado primeiro como segue:

“(…) PRIMERO.- Adjudicar el Contrato basado para el suministro de gas natural del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, al resultar la propuesta económicamente más ventajosa al ofrecer 103.862,31 € sin IVA con el desglose de precios de la tabla expuesta a continuación, a la empresa Gas Natural Comercializadora S.A., adjudicataria del lote 1 del Acuerdo Marco para la contratación del suministro de gas natural a través de la Central de Contratación de la FEMP (2022/000266).”

OFERTA EMPRESA 1 "GNCO"	TARIFA DE ACCESO					
	TVL1	TVL2	TVL3	TVL4	TV.TB5	TV.TB6
CONSUMOS AGRUPADOS POR TARIFA	6012	79028	169334	1118951	382141	0
PRECIO FINAL OFERTADO	0,062909	0,060061	0,057900	0,059488	0,058536	0,051626
SUBTOTALES	378,21	4746,50	9804,44	66564,16	22369,01	0,00
COSTE SUBMINISTRO TOTAL "€"	103.862,31 €					

Se compromete un gasto por importe de 109.055,43 euros que irá con cargo a la siguiente aplicación presupuestaria 030 92000 2210200, reservándose las siguientes cantidades en función de las respectivas anualidades y condicionado, no obstante, a su inclusión en los correspondientes ejercicios presupuestarios. El desglose del gasto por anualidades es de 71.904,68 euros en el año 2023 y de 37.150,75 para el año

2024. Se ha cuantificado una cantidad mayor para el 2023 porque es precisamente en el último semestre del año cuando los consumos son mucho más altos.

Se nombra como responsable del contrato al Ingeniero Técnico del Servicio de Obras y Proyectos de conformidad con cláusula 21.4 del PCA. (...)

Terceiro: validar todas as actuacións realizadas na tramitación deste expediente e entender que todas as referencias á partida do gasto deben entenderse efectuadas á partida orzamentaria 030 92000 2210200.

#### **28. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019237J.**

**Devolución de fianza constituída pola (ICEACSA), para responder do contrato de "Asistencia técnica consistente, na dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción do Centro Social de Fontiñas".**

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa Ingeniería Civil, Energías alternativas y Acuicultura, SA. (ICEACSA), por importe de 1.370,31 euros para responder do contrato de "Asistencia técnica consistente, na dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción do Centro Social de Fontiñas".

#### **29. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00056484G.**

**Adjudicación do contrato Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza".**

Acórdase:

Primeiro: adjudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza" a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, que presenta unha baixa do 10,05% o que supón unha proposición económica de 298.836,35 € (base imponible de 246.608,55 € máis IVE do 21% de 51.787,80 €). Ofertou, ademais, as seguintes melloras:

- Ampliación do prazo de garantía: 5 anos a maiores.
- Ampliación das medidas de control de calidade: 2% a maiores.
- Ampliación das medidas de control ambiental: 2% a maiores.

Desígnase como supervisor municipal do contrato a Diego Briega Argomariz, arquitecto do Servizo Obras e Proxectos, de acordo co apartado 3.3 da Portada do PCAP.

Segundo: comprometer un gasto por importe de 298.396,35 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 15321 6190004 (Código de proxecto: 2022 4 RLTOU 47 4).

#### **30. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00015061T.**

**Adjudicación do contrato das "Obras de execución do proxecto Centro Integral Para la Inclusión Social" (CIPIS)**

Acórdase:

Primeiro: adjudicarlle a OBRAS GALLAECIA SL, o contrato das "Obras de execución do proxecto Centro Integral Para la Inclusión Social, Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España, 2014-2020", por un importe total de 800.052,00 euros (Base imponible: 661.200,00 euros, IVE do 21%:138.852,00 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo compromete:

- Unha ampliación do prazo de garantía por riba do mínimo de 5 anos



- Ampliación das medidas de control de calidade nun 1%
- Ampliación das medidas de control ambiental nun 1%
- Compromiso dun plan de comunicación de conformidade ao indicado no apartado B5 do cadro de criterios de adxudicación do PCAP

Desígnase como responsable do contrato o Director Facultativo da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato efectuarao o departamento Servizo de Proxectos e Obras, que asigna este cometido a Antonio Ranedo Santillana, xefe de servizo de proxectos e obras.

Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 030 23100 6320000 (Código de proxecto: 2017 3 EDUSI 3), conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2023: 800.052,00.

### **31. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00018071C.**

#### **Aprobación do expediente de contratación *Dirección Facultativa (DO+DEO+DEI+CSS)* das obras de "Reurbanización da rúa García Lorca"**

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación do Dirección Facultativa (DO+DEO+DEI+CSS) das obras de "Reurbanización da rúa García Lorca", cun orzamento base de licitación de 82.297,04 € (base imponible de 68.014,08 € máis IVE do 21% de 14.282,96 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 82.297,04 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 15321 6190000 (Código de proxecto: 2018 PVITE 46 1), coa seguinte desagregación por anualidades:

Exercicio Orzamentario (anualidade)

2023 - 10.287,13 €

2024 - 41.148,52 €

2025 - 30.861,39 €

TOTAL - 82.297,04 €

O gasto de exercicios posteriores queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

### **32. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00032158P.**

#### **Tomar coñecemento das resolución da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas dos días 14 a 20 de xullo de 2023, ámbolos dous incluídos.

## **URXENCIAS**

### **1.- LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00017521E.**

**Licenza obra maior para a construción dun edificio de 32 vivendas de VPA con garaxes e rochos na parcela BB2 SUNP 11**

Concédesse licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira presentado o 04/04/2023 e a documentación complementaria presentada o 28/06/2023, cun orzamento de execución material de 2.521.732,93 €.  
O proxecto básico refírese á construción dun edificio de 32 vivendas de VPA con garaxes e rochos na parcela BB2 SUNP 11 CASTIÑEIRIÑO Santiago de Compostela (A Coruña) con Referencia Catastral 7656616NH3475F .

**2.- LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00046297Y.**

**Licenza obra maior de demolición e construción dunha vivenda unifamiliar na rúa do Monte do Seixo 53.**

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de demolición de data de visado do 18/01/2023 e o proxecto básico e de execución visado o 21/03/2023 redactados polo arquitecto Oscar L. R. Ramos e a documentación presentada o 11/05/2023, cun orzamento de execución material de 160.000,00 euros, a demolición e construción dunha vivenda unifamiliar na rúa do Monte do Seixo 53 Santiago de Compostela (A Coruña).

**3.- LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00008035H.**

**Licenza obra maior construción dunha vivenda unifamiliar na parcela con ref. catastral 15079A518010790001GJ sita na "EIRA BELLA". PARCELA 1079. BARCIELA**

Acórdase:

Primeiro: aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 30/11/2022 outorgada ante o notario don Jesús María Rodríguez Vázquez co número de protocolo 1537.

Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo: conceder licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto Jesús Pena Noya presentado o 15/02/2022 e a documentación o 18/04/2022, 14/12/2022 e do 26/06/2023, cun orzamento de execución material de 103.000,00 euros.

**4.- LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00046394B.**

**Licenza de segregación da parcela con ref. catastral 15079A515016650000FA sita na rúa Travesa Marantes,42**

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cándido Rodríguez Giráldez presentado o 11/10/2022 e a documentación presentada o 23/06/2023, segregación da parcela con ref.catastral 15079A515016650000FA sita na rúa Travesa Mrantes,42 Polígono 515 Parcela 1665 Santiago de Compostela (A Coruña) en tres parcelas.

**5.- LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00047156H.**

**Licenza de parcelamento da parcela con ref. catastral 15079A510001500000FP sita no lugar Fontenla Aríns.**

Acórdase:

Primeiro: aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 30/05/2023 outorgada ante o notario don Marcelino Estevez Fernández co número de protocolo 712.

Segundo: conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a memoria redactada polo enxeñeiro técnico agrícola Santiago Alonso Barral presentada o 23/10/2021 e documentación do 23/06/2023, o parcelamento da parcela con ref. catastral 15079A510001500000FP sita no lugar Fontenla Aríns, Santiago de Compostela (A Coruña), en dúas parcelas.

**6.- CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00032226F.**

**Aprobación da solicitude de axuda para o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, segundo o Decreto-Lei 5/2023, do 20/2022, de 28 de xuño, para proporcionar apoio financeiro ó servizo, pola decisión municipal de implantar unha redución do 50% do prezo dos abonos e títulos multiviaxes.**

Primeiro: aprobar que o Concello de Santiago, na súa calidade de titular do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros solicite, en base ás determinación contidas no Real Decreto-Lei 5/2023, de 28 de xuño, as axudas para proporcionar apoio financeiro a este servizo, pola decisión de implantar unha redución do 50% do prezo dos abonos e títulos multiviaxes seguintes:

BONO ESCOLAR que de 0,40 €/viaxe pasará a 0,20 €

BONO ORDINARIO que de 0,60 € por viaxe, pasará a costar 0,30 €

BONO MENSUAL que de 26,00 € por recarga, pasará a costar 13,00 €

Segundo: adquirir os compromisos a que se refire o devandito Real Decreto-Lei 5/2023 de 28 de xuño de manter estas axudas dende o 1 de xullo ó 31 de decembro de 2023 e de financiar con cargo ós orzamentos para o ano 2023 o 20% do importe das axudas. Así como, todos aqueles compromisos que resulten da Orde Ministerial de 28 de xuño de 2023 do titular do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Terceiro: afectar, de conformidade do previsto no artigo 165 do Real Decreto-Lei 5/2023, de 28 de xuño, os importes que se perciban polo Concello, a financiar exclusivamente a prestación do servizo público de transporte urbano e, en todo caso, a compensar ós operadores de transporte, que realicen os descontos efectivos, pola merma de ingreso que poida supoñer a implantación da medida de redución do prezo dos abonos e títulos multiviaxe, nas cantidades previstas e, no seu caso, os custos de implantación da mesma e os financeiros en que puideran ter incorrido debidamente acreditados, durante os seis meses de aplicación do desconto.

**7.- CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00030737J.**

**Aprobación do expediente de contratación das Obras de acondicionamento de espazos para miradoiros no Monte Pedroso en Santiago de Compostela cun orzamento base de licitación de 180.533,03 €. Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80%, sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.**

Acórdase:

**Primeiro:** aprobar o expediente de contratación das Obras de acondicionamento de espazos para miradoiros no Monte Pedroso en Santiago de Compostela. Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80%, sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal, cun orzamento base de licitación de 180.533,03 € (base impoñible de 149.200,85 € máis IVE do 21% de 31.332,18 €).

**Segundo:** Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto correspondente por importe de 180.533,03 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 030 17100 6090000 (Código de proxecto: 2023 3 EDUSI 6 2).

*Esta operación está incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.*

**8.- CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00031270V.**

**Devolución da fianza constituída pola empresa, AQUAGEST, S.A., para responder do contrato de “Execución das obras de reurbanización de beirarrúas nas Cancelas (FIL 2009)”, Expte. 15/09.**

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, AQUAGEST, S.A.” por importe de 30.172,41 euros (Avalista: La Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona (La Caixa), para responder do contrato de “Execución das obras de reurbanización de beirarrúas nas Cancelas (FIL 2009)”, Expte. 15/09.

**9.- CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00029785G.**

**Devolución da fianza constituída pola empresa, EAS TECNO SYSTEM, S,LU, para responder do contrato de “Prestación do servizo de vixianza e seguridade das instalacións da Unidade Municipal de atención ó drogodependente (UMAD)”**

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa *EAS TECNO SYSTEM, S,LU*, por importe de 1.603,03 euros (Avalista: BANCO SANTANDER, para responder do contrato de “Prestación do servizo de vixianza e seguridade das instalacións da Unidade Municipal de atención ó drogodependente (UMAD)” . EXPTE. CON/84/2012.

**10.- EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00032129W.**

**Actualización da orde de continuidade da prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP) dependentes do Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase actualizar e manter a orde de continuidade á empresa SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE -antes UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. e FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A.+ FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (contratista)- na prestación dos servizos derivados do contrato de prestación integral do **SERVIZO DE CONSERXARÍA, LIMPEZA E CONTROL DAS INSTALACIÓNS DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (CEIPS) DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** nas mesmas condicións nas que o viña facendo e polo tempo imprescindible ata adxudicar un novo contrato.

**11.- ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00040536H.**

**Recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final da obra de "Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da rúa de Santa Teresa Jornet (2ª fase)**

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final de execución da obra “Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa de Santa Teresa Jornet (2ª fase)”, emitida por CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L., por importe de 9.670,22 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultados da liquidación do contrato.

**12.- PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2021/00054671N.**

**Aprobación da concesión, xustificación, recoñecemento da obriga e pagamento das axudas nas persoas beneficiarias de Don Andrés Villaverde Framil, por importe de 2.500,00 euros e de Don Fernando Pazos Ríos, por importe de 2.500,00 euros ao abeiro da convocatoria extraordinaria de axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago afectados pola crise da Covid-19 Anualidade 2020, con cargo na aplicación orzamentaria 070 43200 4790101.**

Acórdase:

**PRIMEIRO.** Aprobar o gasto relativo á convocatoria extraordinaria de axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago afectados pola crise da Covid-19 Anualidade 2020, por importe de 5.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 070 43200 4790101.

**SEGUNDO.** Aprobar a concesión, xustificación, recoñecemento da obriga e pagamento das axudas nas persoas beneficiarias de Don Andrés Villaverde Framil, por importe de 2.500,00 euros e de Don Fernando Pazos Ríos, por importe de 2.500,00 euros ao abeiro da convocatoria extraordinaria de axudas para o rescate da restauración e hospedaxe do Concello de Santiago afectados pola crise da Covid-19 Anualidade 2020, con cargo na aplicación orzamentaria 070 43200 4790101.

**TERCEIRO.** Dar traslado deste acordo nas persoas interesadas.

### **13.- ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00032098V.**

**Dar conta da sentenza recaída na apelación AP 4298/2022 – PO 267/2019 CA2.**

**Resolución:** Sentenza 275/2023 da sección 2ª do TSXG do 9.06.2023

**Procedemento:** AP 4298/2022 (PO 267/2019 CA2)

**Apelante:** Concello

**Obxecto:** contra sentenza nº 122/2022 do Xulgado do contencioso administrativo nº 2 do 2.5.2022

#### **SENTIDO DA RESOLUCIÓN**

A sentenza de instancia estimou en parte o recurso interposto contra o Decreto do 7.6.2029 que ordenou a suspensión de usos de cociña dun local e chemineas executados na fachada dun local da Avda. do Cruceiro da Coruña, de xeito que anulou parcialmente o Decreto en canto á caducidade da acción de reposición á legalidade da instalación das chemineas de aluminio, pero non en canto á suspensión dos usos da citada cheminea, sen custas.

Posteriormente, o TSXG ditou a sentenza 275/2023 do 9.06.2023 desfavorable para o concello, xa que desestima o recurso de apelación interposto e confirma a sentenza de instancia.

**Acórdase:**

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de casación
3. Remítala ao Departamento de disciplina urbanística para os efectos da súa Execución.

### **13.- ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00004212P.**

**Dar conta da sentenza recaída no recurso de apelación AP 15008/2023 – Po 40/2019 e PO 237/2021 CA1.**

Sentenza nº 424/2023

AP 15008/2023 TSX, PO 40/2019 e 237/2021 CA1

Demandante: Interparking Hispania SA

Obxecto: exención taxa polo aproveitamento especial da beirarrúa no aparcadoiro da Praza Galicia.

#### **SENTIDO DA SENTENZA**

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación.

No prego do contrato de concesión do aparcadoiro, o adxudicatario viña obrigado a satisfacer todos os tributos derivados da execución do contrato. Non obstante, con respecto á taxa polo aproveitamento, ao ser este imprescindible para executar o contrato, consideraba a recorrente que a taxa debía entenderse incluída no canon concesional e, polo tanto, exenta do pago.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir ao Servizo de xestión tributaria para a súa execución